



















Glosario: As novas dámolas nós

	<p>Adxectivo</p>  <p>Definición Clase de palabra que mostra as calidades dun substantivo.</p> <p>Exemplo O floreiro que me regalaches está roto.</p>
A	<p>Argumentar</p>  <p>Definición Utilizar diferentes feitos para demostrar algunha cousa.</p> <p>Exemplo Argumentei que eu estaba na biblioteca devolvendo un libro polo tanto eu non puíden perder o balón no recreo.</p>
B	<p>Bohemia</p>  <p>Definición Persoa que ten unha vida errante. Xeralmente apartase das tradicións e das normas aceptadas por todas as persoas.</p> <p>Exemplo Moitas persoas artistas tiveron unha vida bohemia.</p>
	<p>Calidade</p>  <p>Definición Conxunto de características que nos da a coñecer como é unha persoa, cousa, monumento ou lugar.</p> <p>Exemplo Este portátil reúne boas calidades para traballar.</p>

C	<p>Clasificación Decimal Universal</p> 	<p>Definición</p> <p>É un sistema de clasificación de obras literarias, mapas, dicionarios entre outros, utilizado en todas as bibliotecas do mundo. Coñécese polas siglas CDU.</p> <p>Exemplo</p> <p>Na biblioteca do noso centro todas as obras están organizadas segundo a Clasificación Decimal Universal.</p>
	<p>Ciberacoso</p> 	<p>Definición</p> <p>Acto de acosar aos demais a través das redes sociais ou outros medios electrónicos.</p> <p>Exemplo</p> <p>No noso centro realizamos unha campaña contra o ciberacoso.</p>
	<p>Consecutivas</p> <p>ABC...</p>	<p>Definición</p> <p>Cousa que segue a outra nunha serie.</p> <p>Exemplo</p> <p>O abecedario está formado por letras consecutivas.</p>
D	<p>Debate</p> 	<p>Definición</p> <p>Acto no que varias persoas expoñen, defenden e tratan con argumentos e puntos de vista un tema de maneira organizada e dirixida.</p> <p>Exemplo</p> <p>O debate das eleccións será o luns pola noite.</p>
F	<p>Folclore</p> 	<p>Definición:</p> <p>Conxunto de tradicións e costumes dunha zona, un país ou un pobo.</p> <p>Exemplo:</p> <p>A muiñeira forma parte do folclore galego.</p>

	<p>Lexema</p> 	<p>Definición</p> <p>Parte da palabra que non varía.</p> <p>Exemplo</p> <p>Por exemplo nas palabras mariño, mariñeiro, ultramariño a parte que nunca cambia ou lexema sería mar. As outras partes (-iño, -iñeiro, ultra-) son os morfemas.</p>
L	<p>Lírica</p> 	<p>Definición</p> <p>Sinónimo do xénero literario poesía, onde o autor expresa os seus sentimentos, pensamentos ou emocións a través de poemas.</p> <p>Exemplo</p> <p>A nosa profesora encántalle a lírica.</p>
M	<p>Monumento</p> 	<p>Definición</p> <p>É un edificio ou construción que ten certo valor artístico ou histórico.</p> <p>Exemplo</p> <p>Na nosa vila hai varios monumentos importantes.</p>
M	<p>Morfema</p> 	<p>Definición</p> <p>Parte da palabra que cambia.</p> <p>Exemplo</p> <p>Por exemplo nas palabras mariño, mariñeiro, ultramariño a parte que nunca cambia ou lexema sería mar. As outras partes (-iño, -iñeiro, ultra-) son os morfemas.</p>
O	<p>Opinión</p> 	<p>Definición</p> <p>Dicir aquilo que se considera sobre un tema determinado.</p> <p>Exemplo</p> <p>Todas as persoas demos a nosa opinión sobre a excursión de fin de curso que queríamos facer.</p>

P	<p>Persoa moderadora</p> 	<p>Definición</p> <p>É a persoa encargada de dirixir, regular e conciliar ás persoas nun debate.</p> <p>Exemplo</p> <p>O moderador deu paso á quenda de preguntas despois da última intervención.</p>
	<p>Recanto</p> 	<p>Definición</p> <p>Aquel lugar que se atopa oculto dentro doutro máis grande.</p> <p>Exemplo</p> <p>Naquel recanto do parque atopamos unha fermosa vista.</p>
R	<p>Retrouso</p> 	<p>Definición</p> <p>Son as expresións ou palabras que repetimos moito ao falar.</p> <p>Exemplo</p> <p>Eh..., mmm..., a ver..., son uns dos retrousos máis empregados na nosa fala.</p>
	<p>Revista</p> 	<p>Definición</p> <p>Trátase dunha publicación de carácter periódico que contén artigos, reportaxes entre outros. Pode ser de diferentes temáticas, deportiva, literaria e moitas máis.</p> <p>Exemplo</p> <p>Na escola publican todos os anos unha revista con traballos do alumnado.</p>
	<p>Rima</p> 	<p>Definición</p> <p>Concordancia total ou parcial dos últimos fonemas dun verso.</p> <p>Exemplo</p> <p>A rima deste poema é asonante.</p>